

13º CICLO DE CINEMA OBREIRO “SAÍNDO DA FÁBRICA”

O ano pasado celebraríase o décimo terceiro ciclo de cinema obreiro “Saíndo da Fábrica”, pero por causa do Covid-19 e as restricións derivadas deste non o puidemos facer. Así que este ano de celebración do 150 aniversario da Comuna de París, retomamos o ciclo con máis forza que nunca, para seguir mostrando películas, onde os traballadores e traballadoras somos as protagonistas nun mundo cheo de explotación, opresión, inxustiza e desigualdade, pero tamén cheo de solidariedade e de loita.

Este ano comezamos coa película mexicana **Nuevo Orden**, onde a distopía cada vez se parece máis a realidade e onde o único camiño para as clases traballadoras é a revolución. Continuaremos con **Los Hongos**, filme colombiano onde a mocidade é protagonista da loita pola liberdade de expresión artística. En **Nuestras derrotas** atoparemos a reflexión da mocidade francesa, sobre conceptos como “loita de clases”, “sindicatos” ou “capitalismo”. Continuamos o ciclo coa lembranza dunha figura histórica da loita obreira e popular na Galiza, **Reboiras, acción e corazón**, un mozo que loitou sen descanso e que deu a súa vida por unha Galiza Ceibe e sen explotación, e finalizaremos en Vilasantar onde centos de mulleres dunha fabrica de téxtil a comezos do século XX cambiaron por completo a vida social e económica da comarca, esta é a proposta que nos mostra Marina Chiavegatto no seu documental **Tecido resistente**, e onde teremos a honra de contar coa súa presenza.

Debater e charlar sobre os problemas dos traballadores e traballadoras foi sempre o sinal de identidade deste ciclo, por iso, aínda que teñamos que saír antes polo toque de queda e sexamos menos pola redución de aforo, continuaremos buscando solucións e compartindo as nosas experiencias cos debates dos venres, porque a nosa historia facémola nos.

Adolfo Naya (Coordinador do ciclo)